

exposição
ROSALÍA DE CASTRO
Visita Boticas



Paços do Concelho
27 de Abril a 14 de Maio de 2010

ROSALÍA DE CASTRO, VISITA BOTICAS

Cada vez mais Galiza e o Norte de Portugal estão a viver e conviver lado a lado, estão mais perto, mais irmãos, e com isto mais unidos, mais interligados de modo que na efectividade as fronteiras diluíram-se. Já lá vão os tempos da fronteira, das longas filas de espera, as revistas às viaturas e pessoas, a “faina” dos contrabandistas, que tinham nos seus trespasses o seu ganha-pão.

Hoje as culturas estão interligadas de tal forma, que não podemos desligar as raízes do português e do galego, tão semelhantes e onde as palavras têm o mesmo sentido, têm a mesma verbalidade, a mesma saudade.

Rosalía de Castro, tal como Florbela Espanca, ficaram marcadas desde o seu nascimento, pois foram fruto de relações extra-conjugais, sendo ambas inequívocos símbolos máximos da poesia da fatalidade, do sofrimento e do amor.

Nasceu em Santiago de Compostela a 24 de Fevereiro de 1837, sendo a sua obra de referência os “Cantares Galegos”, tendo-se a ela referido em termos muito elogiosos, Antero de Quental e Teófilo Braga.

A Galiza e Trás-os-Montes foram durante muitos, mas muitos anos, pólos de emigração, única solução para todos aqueles que procuravam uma vida melhor. Partiam os homens, ficando as “viúvas de vivos” como as carinhosamente as denominou Rosalía de Castro.

Em 1858, casa com outro nome grande das letras, Manuel Murguía. Viria a falecer em 15 de Junho de 1885, trinta anos depois do seu casamento, com um desejo de ver sempre as suas Rias.

Pois é esta Mulher extraordinária, Rosalía de Castro, cujo 125º Aniversário da sua morte se assinala, que temos a felicidade de reviver em Boticas, um Município que se orgulha em receber o que de melhor acontecesse nas letras e nas artes.

Uma palavra de agradecimento à Fundação Rosalía de Castro, que colaborou cedendo material para que esta exposição seja mais um marco nas realizações culturais do nosso Concelho.

A cultura pode e deve ser também um dos vectores de desenvolvimento turístico, social e económico, como se tem verificado ultimamente no Nosso Concelho. Esperamos que apreciem esta Exposição. Sejam bem vindos e desfrutem desta terra amiga e hospitaleira.



Fernando Campos

Presidente da Câmara Municipal de Boticas

ROSALÍA E CABANILLAS A TRAVÉS DO VIÑO

Rosalía de Castro e Ramón Cabanillas, dous grandes poetas de Galicia, son parte dese milagre literario que acontece nas proximidades da Ría de Arousa, que é onde teñen florecido –e proliferado– como en ningún outro lugar grandes escritores e creadores. Mais non teñen en común só a terra na que desenvolveron boa parte da vida e os seus traballos. Ambos son poetas de alta lira e variados rexistros e Cabanillas é un grande admirador de Rosalía á que lle ten dedicado versos de auténtica reverencia filial.

Estas terras privilexiadas para a fecundidade da literatura sono tamén como solar das uvas. Aquí recalaron principalmente as albariñas, que hoxe da orixe a un dos viños máis importantes de Galicia. Rosalía falaba destas parras e da súa sombra como lugares prateiros, e tamén dos viños da terra. É o viño quen marca os contextos sociais nalgúns dos seus poemas e poucas veces cita esta bebida como elemento de marcada significación hedonista. En Cabanillas, que era el mesmo un catador finísimo, o viño aparece como motivo de celebración da terra, como elemento significativo da vida do país e tende a celebralo con grande exaltación e colorido.

Non é pois de estrañar que, desde as Fundacións Rosalía de Castro e Ramón Cabanillas, xurdise a iniciativa de unir a estes dous escritores coa súa terra nunha exposición retrospectiva das súas vidas a través das obras de ambos. O fío conductor será o viño. Deste xeito, aprovéitase a prezada bebida e a súa xénese para mostrar a obra literaria, a paisaxe dos emparrados, os traballos arredor das colleitas da uva e a súa transformación, e a presenza do viño no transcorrer das vidas daquelas xentes.

A Fundación Rosalía de Castro ten a súa sede na Casa da Matanza de Padrón, Casa-Museo Rosalía de Castro ou Casa de Rosalía, tal como a chama e a sente o pobo. Entre as súas finalidades está, como non podía ser doutro xeito, promover o coñecemento de Rosalía de Castro que compartiu vida e aspiracións con Manuel Murguía, xa que xuntos abriron o camiño cara a Galicia que hoxe coñecemos. Rosalía é, con Cantares gallegos (1863), a fundadora da literatura galega contemporánea e unha clave necesaria para podermos interpretar a singularidade e a grandeza cultural identitaria deste país chamado Galicia que tantos vencellos ten con Portugal, non sendo o menor deles a lingua. A Fundación Rosalía de Castro é quen se ocupa da Casa desde a que a gran poeta, galega e universal, entrou na eternidade o 15 de xullo de 1885.

Galicia quixo darlle casa propia a quen non tivera nunca casa de seu e o pequeno predio da Matanza foi mercado,, no ano 1946 grazas ao mecenado duns comerciantes de Santiago e á subscrición popular. Un ano máis tarde, a casa foi cedida ao Patronato Rosalía de Castro creado para adquirila e coidar dela, así como do Mausoleo no Panteón de Galegos Ilustres que garda os seus restos en Santiago de Compostela, lugar onde nacera Rosalía o 24 de febreiro de 1837. A casa foi sometida a varias restauracións ata a converter en Casa-Museo que hoxe está rexida pola Fundación que substituíu ao antigo Patronato, Fundación que se dedica a conservar a memoria de Rosalía fixándoa a unha terra próxima e a moitos dos



CASA-MUSEU DE ROSALÍA DE CASTRO

acontecementos do seu transcorrer vital. Para lograr as súas finalidades leva a cabo traballos complementarios que van en distintas direccións:

- Mostrar aos visitantes, por medio dun Museo, datos sobre Rosalía de Castro e da súa obra, algunha das súas pertenzas e da súa familia, e unha grande cantidade de ex-votos e agasallos dedicados á poeta.
- Posibilitar a apreciación dunha casa e dun xardín da súa época no que se conservan aínda árbores que foron contemporáneos da autora, como a figueira da entrada.
- Crear e manter a biblioteca rosaliana con adquisicións e publicacións propias, promovendo estudos e investigacións sobre a biografía e a obra da escritora. Potencia a participación cívica nun dos grandes espazos simbólicos de Galicia por medio de actos culturais e celebracións de datas rosalianas ou de especial significación para a cultura.
- Recibir o alumnado dos centros escolares de Galicia, e de fóra, nunha aula pedagóxica anexa ao Museo que proporciona materiais de traballo para a escola e ten unha liña de publicacións infantís sobre a autora e a propia Casa.
- Integrar na cultura rosaliana —e por ende, na cultura galega— a colectivos desfavorecidos nunha aula de diversidade que contempla entre os seus usuarios a mulleres de etnia xitana, discapacitados, presos e inmigrantes.
- Realizar intercambio cultural con diversas entidades nacionais ou internacionais (Universidades, Casas-Museo de Escritores...) e establecer relacións con calquera outra institución pública ou privada que teña interese en divulgar a obra e o coñecemento de Rosalía de Castro, como é o caso da Cámara Municipal de Boticas que propicia a exposición da mostra “Rosalía de Castro”, feito polo que lle mostramos os nosos mellores agradecementos.

Helena Villar Janeiro
Presidenta da Fundación Rosalía de Castro

CANTARES GALEGOS

1

Has de cantar,
que che hei de dar zonchos;
has de cantar,
que che hei de dar moitos.

I

Has de cantar,
meniña gaiteira;
has de cantar,
que me morro de pena.

Canta, meniña,
na veira da fonte;
canta, daréiche
boliños do pote.

Canta, meniña,
con brando compás,
daréiche unha proia
da pedra do lar.

Papiñas con leite
tamén che daréi;
sopiñas con viño,
torrexas con mel.

Patacas asadas
con sal e vinagre,
que saben a nocés.
¡Qué ricas que saben!

¡Qué feira, rapaza,
si cantas faremos...!
Festiña por fora,
festiña por dentro.

Canta, si queres,
rapaza do demo;
canta, si queres;
daréiche un mantelo.

Canta, si queres,
na lingua que eu falo.
Daréiche un mantelo.
Daréiche un refaixo.

Co son da gaitiña,
co son da pandeira,
che pido que cantes,
rapaza morena.

Co son da gaitiña,
co son do tambor,
che pido que cantes,
meniña, por Dios.

Así mo pediron
na beira do mar,
ó pe das ondiñas
que veñen e van.

II

Así mo pediron
na beira do río
que corre antre as herbas
do campo frorido.

Cantaban os grilos,
os galos cantaban,
o vento antre as follas
runxindo pasaba.

Campaban os prados,
manaban as fontes
antre herbas e viñas,
figueiras e robres.

Tocaban as gaitas.
Ó son das pandeiras
bailaban os mozos
cas mozas modestas.

¡Qué cofias tan brancas!
¡Qué panos con freco!
¡Qué dengues de grana!
¡Qué sintas! ¡Qué adresos!

¡Qué ricos mandiles!
¡Qué verdes refaixos!
¡Qué feitos xustillos
de cor colorado!

Tan vivos colores
a vista trubaban;
de velos tan váreos
o sol se folgaba.

De velos bulindo
por montes e veigas,
coidóu que eran rosas
garridas e frescas.

III

Lugar máis hermoso
non houbo na terra
que aquel que eu miraba,
que aquel que me dera.

Lugar máis hermoso
no mundo n'hachara
que aquél de Galicia.
¡Galicia encantada!

¡Galicia frolida!
Cal ela ningunha,
de froles cuberta,
cuberta de espumas.

De espumas que o mare
con pelras gomita;
de froles que nacen
ó pe das fontañas.

De valles tan fondos,
tan verdes, tan frescos,
que as penas se calman
nomáis que con velos.

Que os ánxeles neles
dormidos se quedan,
xa en forma de pombas,
xa en forma de niebras.

IV

Cantarte hei, Galicia,
teus dulces cantares,
que así mo pediron
na beira do mare.

Cantarte hei, Galicia,
na lingua gallega,
consolo dos males,
alivio das penas.

Mimosa, soave,
sentida, queixosa,
encanta si ríe,
conmove si chora.

Cal ela ningunha
tan dose que cante
soidades amargas,
sospiros amantes,

misterios da tarde,
murmuxos da noite:
cantarte hei, Galicia,
na beira das fontes.

Que así mo pediron,
que así mo mandaron,
que cante e que cante
na lingua que eu falo.

Que así mo mandaron,
que así mo dixeron...
Xa canto, meniñas.
Coidá, que comenzo.

Con dulce alegría,
con brando compás,
ó pe das ondiñas
que veñen e van.

Dios santo premita
que aquestes cantares
de alivio vos sirvan
nos vosos pesares;

de amabre consolo,
de soave contento
cal fartan de dichas
compridos deseios.

De noite, de día,
na aurora, na sera,
oirésme cantando
por montes e veigas.

Quen queira me chame,
quen queira me obriga;
cantar, cantarílle
de noite e de día.

Por darlle contento,
por darlle consolo,
trocando en sonrisas
queixiñas e choros.

Buscáime, rapazas,
velliñas, mociños.
Buscáime antre os robres.
Buscáime antre os millos,

nas portas dos ricos,
nas portas dos probes,
que aquestes cantares
a todos responden.

A todos, que á Virxen
axuda pedín,
porque vos console
no voso sufrir;

nos vosos tormentos,
nos vosos pesares.

Coidá, que comenso...
Meniñas, ¡Dios diante!

2

Nasin cando as prantas nasen,
no mes das froles nasín,
nunha alborada mainiña,
nunha alborada de abril.
Por eso me chaman Rosa,
mais a do triste sorrir,
con espiñas para todos,
sin ningunha para ti.

Desque te quixen, ingrato,
todo acabóu para min,
que eras ti para min todo,
miña groria e meu vivir.

¿De qué, pois, te queixas, Mauro?
¿De qué, pois, te queixas, di,
cando sabes que morrera
por te contemplar felís?

Duro cravo me encravaches
con ese teu maldesir,
con ese teu pedir tolo
que non sei qué quer de
pois dinche canto dar poden
avariciosa de ti.
O meu corasón che mando
cunha chave para o abrir.
Nin eu teño máis que darche,
nin ti máis que me pedir.

3

- Dios bendiga todo, nena;
rapaza, Dios te bendiga,
xa que te dou tan graciosa,
xa que te dou tan feitiña
que, anque andiven moitas terras,
que, anque andiven moitas vilas,
coma ti non vin ningunha
tan redonda e tan bonita.
¡Ben haia quen te paríu!
¡Ben haia, amén, quen te cría!

- Dios vos garde, miña vella;
gárdevos Santa Mariña,
que, abofé, sos falangueira,
falangueira e ben cumprida.

- Meniña, por ben falada
ningunha se perdería.
Cóllense antre os paxariños
aqueles que mellor trían.
Morre afogado antre as pallas
o pitiño que non chía.
- Pois si vós foras pitiño,

dígovos, miña velliña,
que dese mal non morreras;
que chiar, ben chiarías.

- ¡Ai! ¡Qué, sinón, de min
miña filla, miña filla!
Sin agarimo no mundo
desde que nasín orfiña,

de porta en porta pedindo
tiven que pasar a vida.
E cando a vida se pasa
cal vida de pelegrina,
que busca pelegrinando
o pan de tódolos días,
de cote en lares alleos,
de cote en estrañas vilas,
hai que deprender estonces,
por non morrer, coitadiña,
ó pe dun valo tumbada
e de todos esquencida,
o chío dos paxariños,
o recamo das pombiñas,
o ben falar que comprase,
a homildá mansa que obriga.

- ¡Moito sabés, miña vella,
moito de sabiduría!
¡Quén poidera correr mundo
por ser como vós sabida!
Que anque traballos se pasen
aló polas lonxes vilas,
tamén ¡qué cousas se saben!,
tamén, ¡qué cousas se miran!

- Máis val que n'as mires
que estonces te perderías:
¡o que ó sol mirar precura
logo quedará sin vista!

- Dirés verdá, miña vella;
mais craras as vosas nifias
emprestóuvos hastra agora
groriosa Santa Lucía.

- Moita devosón lle teño,
¡miña santiña bendita! ;
mais non sempre as niñas craras
son proba de craras vistas.

Moitas eu vin como a augua
que corre antre as penas frías
gorgorexando de paso,
sereniña, sereniña,
que antre tiniebras pousaban,
que antre tiniebras vivían,
nas tiniebras dos pecados
que son as máis escondidas.

- Si de pecados falades,
é pan que onde queira espiga,
en tódalas partes crese,
en todas partes se cría;
mais uns son cor de veneno,
outros de sangue runxida,
outros, como a noite negros,
medran cas lurpias dañinas
que os paren entre ouro e
arrolados pola envidia,
mantidos pola luxuria,
mimados pola cobiza.

- Quen ben está, ben estea.
Déixate estar, miña filla,
nin precures correr mundo,
nin tampouco lonxes vilas,
que o mundo dá malos pagos
a quen lle dá prendas finas,
e nas vilas mal fixeras
que aquí facer non farías;
que, anque ese pan barolento
en todas partes espiga,
nunhas apoucado crese,
noutras medra que adimira.

- Falás como un abogado
e calquera pensaría
que deprendestes nos libros
tan váreas palabrerías,
todiñas tan ben faladas,
todiñas tan entendidas.
E tal medo me puñeches,
que xa de aquí non saíra
sin levar santos escritos
e medalliñas benditas
nun lado do meu xustillo,
xunto dunha negra figa,
que me librasen das meigas
e máis das lurpias dañinas.

- Que te libren de ti
pídelle a Dios, rapariga,
que somos nós para nós
as lurpias máis enemigas.
Mais xa ven a noite vindo
co seu manto de estrelliñas;
xa recolleron o gando
que pastaba na curtiña;
xa lonxe as campanas tocan,
tocan as Ave-Marías;
cada conexo ó seu tobo,
lixeiro, lixeiro tira,
que é mal compañeiro a noite
si a compañeiro se obriga.

Mas, ¡ai!, que eu non teño
nin burata conocida,
nin tellado que me cruba
dos ventos da noite fría.
¡Qué vida a dos probes, nena!
¡Qué vida! Qué amarga vida!
Mais Noso Señor foi probe.
¡Que esto de alivio nos sirva!

- Amén, miña vella, amén;
mais, polas almas benditas,
hoxe dormirés nun leito
feito de palliña triga,
xunta do lar que vos quente
ca borralliña encendida,
e comerés un caldiño
con patacas e nabizas.

- ¡Bendito sea Dios, bendito!
¡Bendita a Virxe María,
que con tanto ben me acode
por unha man compasiva!
O Señor che dé fortuna
con moitos anos de vida.
¡Vólvanseche as tellas de ouro,
as pedras de prata fina,
e cada gran seu diamante
che se volva cada día!
¡agora, miña rapaza,
porque un pouco te adivirtas
bailando cas compañeiras
que garulan na cociña,
heiche de contar historias,
heiche de cantar copriñas,
heiche de tocar as cunchas,
miña carrapucheiriña.

4

- Cantan os galos pra o día
érguete, meu ben, e vaite.
- ¿Cómo me hei de ir,
cómo me hei de ir e deixarte?

- Deses teus olliños negros
como doas relumbrantes,
hastra as nosas maus unidas
as bágoas ardentes caen.
¿Cómo me hei de ir
si ca lingua me desbotas
e co corasón me atraes?
Nun corruncho do teu leito
cariñosa me abrigaches;
co teu manso calorío
os fríos pes me quentastes;
e de aquí xuntos miramos
por antre o verde ramaxe
cál iba correndo a lúa

por enriba dos pinares.
¿Cómo queres que te deixe?
¿Cómo, que de ti me aparte
si máis que a mel eres
e máis que as froles soave?

- Meiguiño, meiguiño, meigo,
meigo que me namoraste,
vaite de onda min, meiguiño,
antes que o sol se levante.

- Ainda dorme, queridiña,
antre as ondiñas do mare;
dorme porque me acariñes
e porque amante me chames,
que sólo onda ti, meniña,
podo contento folgare.

- Xa cantan os paxariños.
Érguete, meu ben, que é tarde.

- Deixa que canten, Marica;
Marica, deixa que canten...
Si ti sintes que me vaia,
eu relouco por quedarme.

- Conmigo, meu queridiño,
mitá da noite pasaches.

- Mais en tanto ti dormías,
contentéime con mirarte,
que así, sorrindo entre soños
coidaba que eras un ánxel,
e non con tanta purea
e non con tanta pureza
ó pe dun ánxel velase.

- Así te quero, meu ben,
como un santo dos altares;
mais fuxe..., que o sol dourado
por riba dos montes saie.

- Iréi; mais dame un biquiño
antes que de ti me aparte,
que eses labiños de rosa
inda non sei cómo saben.

- Con mil amores cho dera;
mais teño que cofesarme,
e moita vergonza fora
ter un pecado tan grande.

- Pois confésate, Marica,
que, cando casar nos casen,
non che han de valer, meniña,
nin confesores nin frades.
¡Adiós, cariña de rosa!

- ¡Raparigo, Dios te garde!

V

Corre o vento, o río pasa.
Corren nubes, nubes corren
camiño da miña casa.

Miña casa, meu abrigo;
vanse todos, eu me quedo
sin compañía nin amigo.

Eu me quedo contemplando
as laradas das casiñas
por quen vivo suspirando.

Ven a noite..., morre o día,
as campanas tocan lonxe
o tocar da Ave María.

Elas tocan pra que rece;
eu non rezo, que os saloucos
afogándome parece
que por min tén que rezar.
Campanas de Bastabales,
cando vos oio tocar,
mórrome de soidades.





VERSO E REVERSO DA MEDALHA COMEMORATIVA DO CENTENÁRIO DA MORTE DE ROSALÍA DE CASTRO



MEDALHA EM PORCELANA DA CASA MUSEU ROSALÍA DE CASTRO



ESTATUETA REPRESENTATIVA DE ROSALÍA DE CASTRO



ROSALÍA DE CASTRO E CAMILO CASTELO BRANCO, DOIS ESCRITORES CONTEMPORÂNEOS QUE PARTILHARAM CONHECIMENTOS



CDS COM VERSÕES DOS CÉLEBRES "CANTARES GALLEGOS" DE ROSALÍA DE CASTRO



exposição
ROSALÍA DE CASTRO
Visita Boticas

Organização
Câmara Municipal de Boticas
com a colaboração da Fundação Rosalía de Castro - Padrón (Espanha)

Átrio dos Paços do Concelho
27 DE ABRIL A 14 DE MAIO 2010

